PUNTO VIOLETA DO CONCELLO DE OLEIROS

Falamos de...

SEX-TING?

Falamos de... SEXTING?

Que é?

A práctica **CONSCIENTE** e **CONSENSUADA** de compartir contidos sexuais ou íntimos a través de mensaxes directas, redes sociais ou outras plataformas dixitais.

Estes contidos poden darse en forma de vídeos, fotos ou outros contidos máis ou menos explícitos, e poden estar implicadas unha ou máis persoas.

Agora ben,

que NON é?

- **Compartir ou difundir contidos con outras persoas que che chegan** ao WhatsApp, redes sociais ou plataformas dixitais, **aínda que ti non os realizaras**. Recibir unha imaxe ou un vídeo **non che dá dereito a compartilo**. E si, ensinarllas a colegas desde o teu propio dispositivo tamén é delito.

- **Que alguén comparta fotos ou vídeos íntimos teus sen o teu consentimento**, aínda que ti llos enviaras de forma libre e consciente.

- **Enviarlle** fotos ou vídeos íntimos teus a unha persoa **sen o seu consentimento**.

- **Recibir** fotos ou vídeos íntimos de terceiras persoas **sen o teu consentimento**.

- **Que alguén che faga** fotos, vídeos ou outros contidos audiovisuais de carácter íntimo ou sexual **sen o teu consentimento**.

- **Que alguén che faga fotos ou vídeos íntimos e os comparta con terceiras persoas sen o teu consentimento**, aínda que lle deras o teu consentimento para que chos fixera en primeiro lugar.

Que, tras unha ruptura ou un enfado, unha parella, ex-parella, ligue, rollo –ou o que sexa que teñades–, difunda contido íntimo, NUNCA está xustificado. Segue a ser violencia sexual (e delito!).

Ademais, que alguén chantaxee, obrigue ou ameace a outra persoa para que lle mande fotos ou vídeos de carácter íntimo, tamén é delito, e un bastante serio: **SEXTORSIÓN**.

TODAS estas prácticas **NON SON SEXTING**, **SON DELITOS.**

Se ves algunha situación das anteriores nas redes sociais ou na túa contorna, non compartas, non difundas e non lle deas a me gusta. Porque participar coa túa mofa, burla, risa ou silencio tamén te fai responsable.

Non sexas cómplice.

Pero...ollo! CONSENTIR e INFORMAR non son a mesma cousa...

«**CONSENTIR**» **require dun SI entusiasta**, de estar de acordo, de querer participar, **sen recorrer a manipulacións nin chantaxes**.

Oes, podo compartir cos meus compañeiros de ximnasio a foto que me mandaches? 🤗😇

Humm, bueno, vale, dálle! 🤭❤️

Vale, jeje. P-Á-P-O-T-E 🧛🔥

🔥👄

NON É O MESMO

«**INFORMAR**» **significa tomar a decisión e trasladala,** sen ter en conta os desexos, liberdades e sentimentos da outra persoa.

Oes, vou compartir a foto que me mandaches cos meus compañeiros de ximnasio 😈

Como?! Nin se che ocorra!

Tarde... 😏

Ostias tío, pregúntame antes. Que forte... 💔

Pero que máis che dá! Se din que estás tremenda 🔥

Era para ti, non para os teus colegas! 🤬

Bueno, agora xa está. Ademais, mandáchesma ti. Sinto se te enfadaches 🥺

Como podes ver, isto do **SEXTING** ten moito que ver con iso do **CONSENTIMENTO.**

Recursos e Servizos Especializados
fronte ás Violencias Machistas

- **Emerxencias /** 112 · 061 (médicas)
- **Garda Civil (EMUME) /** 062 · 981 61 0 067
- **Policía Local /** 981 610 001
- **Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros /** 981 610 000
- **Teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres /** 016 · 600 000 016 (WhatsApp)
- **Teléfono da Muller en Galicia /** 900 400 273

Actúa e non cales!

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado
contra la violencia de género

Concello de Oleiros